



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CAPÍTULO III

IES SANTA IRENE CURSO 2024-2025



ÍNDICE

1. DATOS XERAIS (2ª PARTE).....	1
1.1. Alumnado matriculado no centro e país de nacemento no curso 2024-2025	1
1.2. Alumnado con materias validadas no curso 2024-2025	3
1.3. Alumnado con exención da materia Lingua e Literatura Galega no curso 2024-2025	3
2. HORARIO XERAL DO CENTRO.....	4
3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	5
4. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	5
5. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	5
6. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DE CENTRO	6
7. AULA DE CONVIVENCIA.....	6
7.1. Protocolo para derivar ao alumnado á Aula de Convivencia Inclusiva	7
7.2. Procedemento de derivación do/a alumno/a á Aula de Convivencia Inclusiva.....	7
7.3. Xestión da Aula de Convivencia Inclusiva	7
8. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO	7



1. DATOS XERAIS (2ª PARTE)

Este documento recolle datos estatísticos do alumnado no curso 2024-2025. No presente curso, o número de alumnas matriculadas é de 369 e o número de alumnos é de 351, sendo o total de alumnado de 720.

1.1. Alumnado matriculado no centro e país de nacemento no curso 2024-2025

CURSO	PAÍS	NÚMERO DE ALUMNADO
1º ESO	Brasil	2
	Colombia	1
	España	78
	Honduras	1
	Nicaragua	1
	Senegal	1
	Venezuela	7
2º ESO	Arxentina	1
	Colombia	1
	Ecuador	1
	España	84
	O Salvador	1
	Portugal	1
	Venezuela	1
3º ESO	Colombia	2
	España	75
	Etiopía	1
	Honduras	1
	Perú	1
	Portugal	1
	Venezuela	2
4º ESO	Arxentina	2
	Brasil	1
	Colombia	2
	España	71
	Honduras	1
	México	1
	Reino Unido	1



	Uruguai	1
	Venezuela	6
	Vietnam	1
1º BACH – Ciencias e Tecnoloxía	Brasil	1
	Cuba	1
	España	54
	Perú	1
	Senegal	1
	Venezuela	2
1º BACH – Humanidades e CCSS	Colombia	1
	España	65
	Perú	1
	Siria	1
	Ucráína	1
	Venezuela	2
2º BACH - Ciencias e Tecnoloxía	España	51
	Venezuela	1
2º BACH - Humanidades e CCSS	China	1
	Colombia	1
	España	60
	Portugal	1
	Venezuela	4
ESA III	Colombia	1
	España	10
	Honduras	1
	Venezuela	1
ESA IV	España	12
	República Dominicana	2
	Uruguai	2
	Venezuela	2
1º BACH (Adultos)	Brasil	2
	Colombia	1



	Cuba	1
	España	11
	Francia	1
	Venezuela	1
2º BACH (Adultos)	Brasil	1
	Canadá	1
	España	63
	Madagascar	1
	Panamá	1
	Reino Unido	1
	República Dominicana	1
	Venezuela	2

1.2. Alumnado con materias validadas no curso 2024-2025

CURSO	NÚMERO DE ALUMNADO CON VALIDACIÓN
1º ESO	0
2º ESO	1
3º ESO	3
4º ESO	1
1º BACH	1
2º BACH	8
ESA	0
1º BACH (A)	0
2º BACH (A)	0
TOTAL	14

1.3. Alumnado con exención da materia Lingua e Literatura Galega no curso 2024-2025

CURSO	NÚMERO DE ALUMNADO CON EXENCIÓN
1º ESO	1
2º ESO	1
3º ESO	0
4º ESO	0
1º BACH	2
2º BACH	2



ESA	0
1º BACH (A)	0
2º BACH (A)	0
TOTAL	6

2. HORARIO XERAL DO CENTRO

No curso 2024-2025 o horario xeral do centro é o seguinte:

Diúrno:

De luns a venres de 08:30 h a 14:10 h, con seis períodos lectivos de 50 minutos e dous recreos de 20 minutos (10:10 h a 10:30 h e 12:10 h a 12:30 h). O luns pola tarde engádense outros dous períodos lectivos de 50 minutos dende as 16:10 ás 17:50 h.

Adultos:

O luns de 18:30 a 22:30 h, martes a xoves de 17:00 h a 22:30 h e venres de 17:00 h a 21:45 h con períodos lectivos de 45 minutos e un descanso de 15 minutos (20:00 h a 20:15 h).

Horario da biblioteca escolar:

A biblioteca escolar permanece disponible para o alumnado de luns a venres de 08:30 h a 14:10 h en horario de mañá e o luns de 16:10 h a 22:30 h, martes a xoves de 17:00 h a 22:30 h, e o venres de 17:00 h a 21:45 h, en horario de tarde.

Horario xeral do centro:

O centro permanece aberto de luns a xoves de 08:00 h a 22:30 h e o venres de 08:30 h a 21:45 h.

No que respecta ao horario de verán, o centro permanece aberto de luns a venres de 09:00 h a 14:00 h no mes de xullo e os luns de 10:00 h a 12:00 h no mes de agosto.

A elaboración dos horarios do alumnado e profesorado realízase atendendo a criterios pedagóxicos, organizativos e de dispoñibilidade de recursos humanos e materiais. No que atinxe a estes criterios destaca o seguinte:

- Procurar que as materias instrumentais básicas (matemáticas e linguas) se impartiran nas primeiras horas de cada xornada, por seren as que esixen máis atención e esforzo no alumnado (especialmente nos primeiros cursos da ESO). Por outro lado, a posta en marcha de diversas medidas de reforzo (agrupamentos, reforzos educativos, adaptacións individualizadas) obriga a coordinar as sesións lectivas de diversas materias.
- No que se refire á utilización do centro por parte da comunidade educativa fóra do horario lectivo para a realización actividades o centro consolídase como un punto de encontro para diversas organizacións e agrupacións culturais da contorna.



3. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Segundo o *Artigo 24* da mencionada [Orde do 1 de agosto de 1997](#), considéranse **actividades extraescolares** aquelas que sendo organizadas polo centro, realízanse fora do horario lectivo. Poden estar organizadas e supervisadas pola ANPA ou outras entidades sen ánimo de lucro. Estas actividades extraescolares están encamiñadas a potenciar a apertura do centro á súa contorna e a procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou o emprego do tempo de lecer. Deben ser voluntarias, non discriminatorias, e carecer de ánimo de lucro, o que non significa que deban ser gratuítas.

As actividades extraescolares de maior relevancia ofrecidas polo centro en horario non lectivo no curso 2024-2025 son as seguintes:

Imparte	Data	Lugar
CUALE – Nivel B2	Todos os martes e xoves de 17:00 h a 18:30 h	Aula 28
Cursos de italiano – Asociación Dante Alighieri	Martes, mércores e xoves	Aula 11
Grupo de teatro Spasmo Iván Davila Licenciado en Interpretación pola ESAD de Vigo e doutorado en Artes Escénicas pola UNIR	Todos os xoves De 16:00-17:30	Paraninfo
	3º Trimestre Representación en horario matutino para alumnado do centro. Aínda sen determinar.	Paraninfo.
	3º Trimestre Representación en horario de tarde. Aberto a todo o público. Aínda sen determinar.	Paraninfo.

O grupo de teatro Spasmo, formouse no curso escolar 1990-1991, a instancias do profesor de galego Sindo Fernández, como actividade extraescolar dentro do programa de Normalización Lingüística do Centro, aberto a todo o alumnado. Daquela traballou como director das montaxes teatrais Andrés Vila. O profesor de Filosofía, Bernardino Gándara (Berni), sumouse ao proxecto no curso 1995-96 e a profesora Araceli Fernández fixo o mesmo no curso 2004-2005. Mariña Río Mallo, exalumna do Santa Irene e integrante de Spasmo durante anos, agora Licenciada en Interpretación na ESAD de Vigo, compartiu o labor da dirección dos grupos con Berni nos seguintes cursos. No curso 2024-2025 mantendo o carácter de actividade do centro, faise cargo en solitario da dirección do grupo de teatro Iván Davila.

4. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O IES Santa Irene non conta con servizos complementarios de comedor e/ou transporte escolar no curso 2024-2025.

5. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Segundo as propostas dos diversos departamentos didácticos así como as conclusións extraídas do claustro docente o IES Santa Irene propón para o curso 2024-2025 as seguintes liñas de traballo no Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP):

Formación: 50 % Formación presencial + 20 % Formación externa (Mín.) + 30 % Formación non presencial. É posible participar e certificar as horas de formación en varias liñas de traballo simulatáneamente.
Coordinadora xeral: Ana María Lourido Novas.



Polos Creativos

- ❖ **Coordinación:** Juan Carlos Ferro Pozo
- ❖ Esta liña de traballo céntrase no uso de lentes e escáner 3D e no material de edición de vídeo proporcionado polo programa Polos Creativos. Inclúese a formación para dixitalizar obxectos e contornas, permitindo aos estudantes explorar e manipular modelos virtuais.
- ❖ Formación: 20 h.

Contidos educativos dixitais

- ❖ **Coordinación:** Leonor Giménez Fernández
- ❖ Esta liña de traballo enfócase na integración das novas pantallas interactivas e as ferramentas dixitais, como Genially, Nearpod ou Canva, na contorna educativa. Explóranse diversas aplicacións que permiten crear contido dinámico e atractivo, facilitando a presentación de temas.
- ❖ Formación: 20 h.

Internacionalización

- ❖ **Coordinación:** Miguel González Sardón
- ❖ Esta liña de traballo está dirixida á implementación e xestión de programas de internacionalización como Erasmus+, EduExchanges e EduMob, entre outros. Abordaranse aspectos prácticos, como a redacción de propostas e a xestión de financiamento.
- ❖ Formación: 20 h.

Os obxectivos que se perseguen coas liñas de traballo propostas son as seguintes:

- Fomentar a innovación educativa.
- Emprego das TIC.
- Divulgación de actividades e instrumentos relacionados co plan de convivencia.
- Desenvolvemento de actividades dirixidas ao cumprimento do proxecto lector e do plan anual de lectura.
- Posta en valor do patrimonio histórico e cultural do centro.
- Mellora da convivencia escolar.
- Sistematización e participación da comunidade educativa na redacción e actualización das normas de organización e funcionamento do centro.

6. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DE CENTRO

Non se consideran necesarias modificacións ás normas de organización do centro, recollidas nos documentos Normas de Organización e Funcionamento de Centro (NOFC) e Plan de Convivencia.

7. AULA DE CONVIVENCIA

No Artigo 25 do [Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro](#), descríbense os principios e obxectivos que definen a Aula de Convivencia Inclusiva. A partir destes, establécense os seguintes puntos:

- Esta aula está dirixida ao alumnado privado temporalmente do seu dereito de asistencia a aula como consecuencia da imposición de medidas correctoras derivadas de condutas contrarias á convivencia.
- Nunca deberá interromperse o proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Esta aula é un espazo para que o alumnado reflexione sobre a súa conduta contraria á convivencia, realizando as tarefas que lle fosen encomendadas polo seu equipo docente, así como as actividades propostas polo departamento de orientación e a xefatura de estudos.



7.1. Protocolo para derivar ao alumnado á Aula de Convivencia Inclusiva

Condicións necesarias para derivar a un/unha alumno/a á aula de convivencia.

- a) Considerarse útil e positivo para o proceso de maduración e aprendizaxe do/a alumno/a.
- b) A conduta contraria á convivencia non pode ser xestionada na aula ordinaria polo/a docente.
- c) O/A alumno/a reincide na súa conduta contraria á convivencia.

7.2. Procedemento de derivación do/a alumno/a á Aula de Convivencia Inclusiva

1. O/A alumno/a recibirá as tarefas a realizar na aula de convivencia inclusiva.
2. O/A alumno/a será acompañado/a polo delegado/a á aula de convivencia inclusiva. O/A docente poderá designar outro/a alumno/a acompañante, de ser necesario.
3. O/A alumno/a presentarse na aula de convivencia inclusiva trasladando aviso ao/á profesor/a de garda nesta aula.
4. O/A profesor/a de garda rexistrará a presenza do/a alumno/a no libro de rexistro da aula de convivencia inclusiva.
5. O/A alumno/a completará o formulario de alumnado derivado á aula de convivencia inclusiva e realizará as tarefas asignadas.
6. O/A docente que deriva ao/á alumno/a á aula de convivencia inclusiva entregará á xefatura de estudos o formulario de amoestación indicando a conduta contraria á convivencia que motiva a derivación do/a alumno/a e as medidas correctoras aplicadas.

7.3. Xestión da Aula de Convivencia Inclusiva

- Está ubicada nunha zona acotada da biblioteca escolar, debidamente sinalizada.
- Sempre haberá un/ha profesor/a de garda, un/-ha membro do equipo directivo ou un/-ha membro do departamento de orientación, que será o/a responsable do alumnado derivado á aula de convivencia.

8. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO

O IES Santa Irene no curso 2024-2025 non conta con ensinanzas que requiran formación en centros de traballo.

Aprobación do Claustro: 07 de novembro de 2024

Aprobación do Consello Escolar: 07 de novembro de 2024
